



Nota de prensa

EROSKI e WWF manteñen un convenio de colaboración dende o 2004

EROSKI SÚMASE Á CAMPAÑA "A HORA DO PLANETA" PROMOVIDA POR WWF

- **O vindeiro sábado 28 de marzo EROSKI sumarse ao apagamento simbólico da campaña**
- **EROSKI abrirá no 2016 o primeiro supermercado de Europa enerxeticamente autosuficiente**

Elorrio, 27 de marzo do 2015. -[EROSKI](#) súmase por quinto ano á campaña "[A Hora do Planeta](#)", promovida por [WWF](#) co respaldo de Nacións Unidas, realizando un apagamento simbólico na súa sede social e nas súas páxinas web www.eroski.es e www.consumer.es, que seguirán activas cunha luz atenuada de menor intensidade. Millóns de persoas de todo o mundo apagarán a luz durante unha hora (entre as 20:30 e as 21:30 hora local) o vindeiro sábado, 28 de marzo, para concienciar o mundo sobre a importancia do medio natural e da loita contra o cambio climático.

"Un ano máis, dende EROSKI desenvolvemos diversas iniciativas para involucrarmos os consumidores e os traballadores nesta campaña. Pero os obxectivos da Hora do Planeta están moi presentes no día a día de EROSKI. A concienciación e formación do consumidor en temas ambientais é unha das liñas estratéxicas da nosa acción social", sinalou Alejandro Martínez Berriochoa, director de Responsabilidade Social de EROSKI.

A redución dos consumos enerxéticos e a utilización de enerxías renovables, a reciclaxe, a diminución de emisións, a optimización de envases a través do ecodeseño e a maior sostibilidade ambiental das tendas EROSKI adaptadas ao modelo comercial "contigo" son algunhas das liñas de actuación máis significativas que a cooperativa recolle no seu Plan de Medio Ambiente. Ademais, EROSKI tamén incorpora á súa oferta en todos os seus centros garantías ambientais, como no caso dos produtos elaborados a partir de madeira procedente de bosques sostibles co selo FSC, ou do peixe procedente de caladoiros sostibles co selo MSC.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es



Nota de prensa

EROSKI e WWF, aliados por un consumo máis sostible

EROSKI e WWF manteñen desde o 2014 un convenio de colaboración para o desenvolvemento de distintas políticas ambientais relacionadas coa explotación sostible de caladoiros, coa mellora na eficiencia enerxética e coa promoción dun consumo máis responsable, entre outros. O acordo contempla un calendario de traballo a tres anos.

Mediante este convenio, WWF involúcrase no proxecto que impulsa actualmente EROSKI para construír a súa cuarta xeración de "eco-tenda" co obxectivo de lograr o primeiro supermercado europeo capaz de se autoabastecer da enerxía que precisa para o seu propio funcionamento. O director de Responsabilidade Social de EROSKI sinalou que "o establecemento abrirá as súas portas no 2016 en Vitoria, converténdose no primeiro de Europa destas características. O obxectivo é demostrar a viabilidade técnica e económica de subministrar a enerxía que require un supermercado de 2.000 m2 con fontes renovables". EROSKI desenvolve este proxecto en colaboración co Centro Nacional de Enerxías Renovables (CENER). Este novo proxecto de I+D supón un paso máis alá da última "ecotenda" desenvolvida por EROSKI no 2013, coa que logrou reducir un 65% o consumo enerxético dun supermercado.

EROSKI e WWF traballan tamén na actualización da política de sostibilidade en produtos pesqueiros da cooperativa. O convenio contempla ademais que WWF proporcione contido para a creación dun módulo específico sobre sostibilidade dentro do Programa Educativo sobre Alimentación e Hábitos Saudables que desenvolve a [Escola de Alimentación EROSKI](#) en colaboración con centros escolares de toda España. WWF e EROSKI están a desenvolver un novo módulo denominado "Os alimentos da miña terra", no que os escolares poderán coñecer de primeira man nas instalacións de produtores agroalimentarios a orixe dos alimentos da súa terra, comprobando "in situ" a importancia que ten a produción local e o mantemento da diversidade do tecido produtivo do sector primario.

EROSKI

EROSKI completa unha rede superior aos 2.100 establecementos, composta por hipermercados EROSKI, supermercados EROSKI/center, Caprabo e EROSKI/city, oficinas de EROSKI/viaxes, gasoleiras, tendas de deporte Forum Sport, perfumerías IF e 22 plataformas loxísticas.

Dende os seus inicios, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente dirixidas á promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e mais a solidariedade.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es



Nota de prensa

WWF

WWF é unha das maiores e máis eficaces organizacións mundiais independentes dedicadas á conservación da natureza. A súa misión é deter a degradación do medio natural no planeta e construír un futuro no cal os seres humanos vivamos en harmonía coa natureza, conservando a diversidade biolóxica, asegurando o uso sostible dos recursos naturais renovables e promovendo a redución da contaminación e o consumo desmedido.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es